

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2016 pola que se convoca o Curso monográfico sobre rexeneración democrática e institucional.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2016 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócase o Curso monográfico sobre rexeneración democrática e institucional, conforme as seguintes bases:

##### 1. Obxectivos.

– Abordar, desde unha perspectiva interdisciplinar, os desafíos aos cales deben facer fronte as institucións públicas para favorecer a rexeneración democrática.

– Promover o debate acerca da transparencia, a participación, o control da actividade pública por parte da cidadanía, a rendición de contas e a prevención e loita contra a corrupción.

– Reflexionar acerca dos principios e valores que fundamentan a actuación dos poderes públicos.

– Analizar aquelas accións que se deben acometer para mellorar a calidade democrática das institucións e darlles unha resposta satisfactoria ás demandas da cidadanía.

– Pór de manifesto o papel da xustiza na rexeneración democrática, destacando a importancia da independencia xudicial.

– Debater acerca do labor que lles corresponde aos medios de comunicación na rexeneración democrática e institucional.

##### 2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Rexeneración ou estancamento.
- A política en tempos de indignación.



- O papel dos medios de comunicación na rexeneración democrática.
- Independencia xudicial e rexeneración democrática.
- Transparencia e rexeneración democrática.

### 3. Destinatarios.

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

### 4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Datas: 12 e 13 de abril de 2016.

Horario: 12 de abril, mañá e tarde; 13 de abril, mañá.

Duración: 12 horas lectivas.

### 5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

### 6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP <https://egap.xunta.es/matricula/>.

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 11.00 horas do 11 de abril de 2016.

Poderá obterse calquera outra información, das 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41 - 981 54 62 39.

### 7. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.



8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final do curso entregárase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que tivesen participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización deste curso e o selo oficial da institución.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: b8j7vfh9-e6i7-rgy4-tyf0-obtxudnfyzc7

